

**FASE DE OPOSICIÓN** DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA VACANTE DE ADMINISTRATIVO/A

**1º EXAME: CUESTIONARIO TIPO TEST (GALEGO)**

Indicacións para a realización do cuestionario:

- O cuestionario consta de 60 preguntas (e 8 de reserva) con 3 respuestas alternativas das que só unha é correcta.
- As respuestas incorrectas NON penalizan.
- O tempo máximo para a realización do exame é de 90 minutos.
- A persoa aspirante debe marcar cun círculo a letra que preceda a resposta que considere correcta. Non se puntuarán aquelas preguntas que teñan máis dun círculo. No caso de querer alterar a resposta seleccionada debe tachar o círculo cunha X.
- Os membros do tribunal presentes no exame NON responderán a preguntas relativas aos enunciados do cuestionario.
- Durante a realización do cuestionario non está permitido o uso do teléfono móvil e/ou calquera outro dispositivo electrónico.

**CUESTIONARIO**

**1. Segundo establece o artigo 12 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, (en adiante LPAC) as Administracións públicas asistirán no uso de medios electrónicos aos seguintes interesados que así o soliciten (sinale a opción correcta):**

- a) as persoas físicas
- b) as persoas xurídicas
- c) as entidades sen personalidade xurídica

**2. Segundo establece o artigo 14 da Lei 39/2015,LPAC, as persoas xurídicas estarán obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:**

- a) en todo caso

- b) a elección de quen ostente a súa representación
- c) regulamentariamente cando as Administracións establezan a obligación de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas xurídicas.

**3. Segundo establece o artigo 15 da Lei 39/2015, LPAC, o procedemento dirixido a órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma:**

- a) tramitarase na lingua elixida polo interesado
- b) tramitarase na lingua elixida pola Administración
- c) tramitarase en castelán

**4. Segundo establece o artigo 15 da Lei 39/2015, LPAC, se concorresen varios interesados no procedemento, e existise discrepancia en canto á lingua:**

- a) tanto o procedemento como os documentos ou testemuños que requiran os interesados tramitaranse en castelán
- b) tanto o procedemento como os documentos ou testemuños que requiran os interesados tramitaranse na lingua elixida polos mesmos
- c) o procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos

**5. Segundo establece o artigo 16 da Lei 39/2015, LPAC, disporán dun Rexistro Electrónico Xeral, no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo público ou Entidade vinculado ou dependente a estes:**

- a) a Administración Xeral do Estado
- b) a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas
- c) cada Administración

**6. Segundo establece o artigo 20 da Lei 39/2015, LPAC, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulen ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos, dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos:**

- a) os titulares das unidades administrativas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos
- b) o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos
- c) os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos

**7. Segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables, nos casos de:**

- a) prescripción ou renuncia do derecho
- b) caducidade do procedemento ou desistimiento da solicitude, así como desaparición sobrevida do obxecto do procedemento
- c) todas as opcións anteriores son correctas

**8. Segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, o prazo no que debe notificarse a resolución expresa, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea, non poderá exceder de:**

- a) tres meses
- b) seis meses
- c) doce meses

**9. Segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para notificar a resolución expresa, este será de:**

- a) un mes
- b) tres meses
- c) seis meses

**10. Segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015, LPAC, o prazo para notificar a resolución expresa nos procedementos iniciados de oficio contarase:**

- a) desde a data do acordo de iniciación
- b) desde o día seguinte á data do acordo de iniciación
- c) desde a data fixada no acordo de iniciación

**11. Segundo establece o artigo 24 da Lei 39/2015, LPAC, nos procedementos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados o sentido do silencio:**

- a) será estimatorio
- b) será desestimatorio
- c) producirá a caducidade do procedemento

**12. Segundo establece o artigo 43 da Lei 39/2015, LPAC, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas:**

- a) aos 10 días de cando se poña ao alcance do interesado o contido da notificación
- b) no momento en que se poña ao alcance do interesado o contido da notificación
- c) no momento en que se produza o acceso ao seu contido

**13. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, LPAC, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes (sinale a opción incorrecta):**

- a) os que carezan dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin
- b) os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) os que teñan contido imposible.

**14. Segundo establece o artigo 68 da Lei 39/2015, LPAC, cando a Administración considere que algún dos actos dos interesados non reúne os requisitos necesarios, porao en coñecemento do seu autor:**

- a) concedéndolle un prazo de 5 días para cumprimentalo
- b) concedéndolle un prazo de 8 días para cumprimentalo
- c) concedéndolle un prazo de 10 días para cumprimentalo

**15. Segundo establece o artigo 84 da Lei 39/2015, LPAC, porá fin ao procedemento:**

- a) a resolución, o desistimiento, a renuncia ao dereito en que se funda a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas.
- b) a resolución, o desistimiento, a renuncia ao dereito en que se funda a solicitude en todos os casos, a declaración de caducidade, así como a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas.
- c) ningunha das opcións anteriores é correcta

**16. Segundo establece a Lei 39/2015, LPAC, en relación coa interposición dos recursos administrativos:**

- a) poderán ser recorridos potestativamente en reposición as resolucións dos recursos de alzada
- b) poderán ser recorridos potestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin a vía administrativa
- c) as dúas opcións anteriores son correctas

**17. Segundo o artigo 1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que a mesma se axusta aos principios de:**

- a) acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e xerarquía entre os licitadores
- b) liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e xerarquía entre os licitadores
- c) liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores

**18. Consideraranse poderes adxudicadores, a efectos do artigo 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (sinale a incorrecta):**

- a)as Administracións Públicas
- b)as fundacións públicas
- c)as entidades sen personalidade xurídica propia

**19. Aos efectos do artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a prorroga do contrato:**

- a) excepcionalmente poderá producirse polo consentimento tácito das partes
- b)en ningún caso podrá producirse polo consentimento tácito das partes
- c)ningunha das opcións anteriores é correcta

**20. Aos efectos do artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a duración dos contratos de concesión de servizos que comprendan a explotación dun servizo non relacionado coa prestación de servizos sanitarios non poderá exceder, incluíndo as posibles prorroegas, de:**

- a)15 anos
- b)25 anos
- c)40 anos

**21. Aos efectos do artigo 39 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, serán igualmente nulos de pleno derecho os contratos celebrados por poderes adjudicadores nos que concorra alguma das causas seguintes:**

- a)a falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional
- b)a carencia ou insuficiencia de crédito
- c)todas as opcións anteriores son correctas

**22. Aos efectos do artigo 50 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o procedemento do recurso especial iniciarase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de:**

- a)10 días hábiles
- b)15 días hábiles
- c) 20 días hábiles

**23. Aos efectos do artigo 52 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a presentación da solicitude de acceso ao expediente de contratación:**

- a)paralizará en todo caso o prazo para a interposición do recurso especial
- b)non paralizará en ningún caso o prazo para a interposición do recurso especial
- c)ningunha das opcións anteriores é correcta

**24. Aos efectos do artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, non poderán contratar coas entidades previstas no artigo 3 da devandita Lei as persoas que:**

- a)sexan condenadas mediante sentenza firme por delitos relativos a ordenación do territorio e o urbanismo
- b)sexan declaradas insolventes en calquera procedemento
- c)todas as opcións anteriores son correctas

**25. Segundo o artigo 34 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as cantidades a reintegrar terán a consideración de:**

- a) dereito público
- b) ingreso de dereito público
- c) obligación pública
- d) obligación pública

**26. Segundo establece o artigo 35 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o dereito da administración a recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá aos:**

- a) 4 anos
- b) 3 anos
- c) 5 anos

**27. Segundo o artigo 2 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación na que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva constitúe:**

- a) acoso sexual.
- b) acoso ou acoso moral por razón de xénero
- c) discriminación directa por razón de sexo.

**28. A Comunidade Autónoma de Galicia reforza, a través do artigo 1 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade:**

- a) o seu compromiso na eliminación da discriminación entre todas as persoas na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas, de conformidade

coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

b) o seu compromiso na eliminación de todo tipo de discriminación por razón de xénero, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas, de conformidade coas obligacións impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 2 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

c) o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obligacións impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

**29. Segundo o artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, son Entidades locais territoriais:**

a) o municipio, a provincia e a illa, así como as comarcas, as áreas metropolitanas, e as mancomunidades de municipios

b) o municipio, a provincia e a illa

c) o municipio, a provincia, a illa e as comarcas

**30. Segundo establece o artigo 11 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o municipio ten personalidade xurídica:**

a) plena

b) propia

c) pública

**31. Segundo establece o artigo 11 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, son elementos do municipio:**

a) o territorio, a poboación e a organización

b) o territorio e a poboación

c) a poboación e a organización

**32. Segundo establece o artigo 13 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os municipios lindeiros dentro da mesma provincia poderán acordar a súa fusión mediante un convenio de fusión, e o novo municipio resultante non poderá segregarse ata transcorridos:**

a) dez anos desde a adopción do novo convenio de fusión

b) doce anos desde a adopción do novo convenio de fusión

c) seis anos desde a adopción do novo convenio de fusión

**33. Segundo establece o artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a condición de veciño adquírese:**

a) no mesmo momento da súa inscrición no Padrón

b) ao día seguinte da súa inscrición no Padrón

c) ao ano da súa inscrición no Padrón

**34. Segundo establece o artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, existen en todos os Concellos:**

a) o alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno

b) o alcalde, os tenentes de alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local

c) o alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local

**35. Segundo establece o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local intégrase por:**

a) o alcalde, e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ao Pleno

b) o alcalde, que a preside, e un número de concelleiros non superior á metade do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ao Pleno

c) o número de concelleiros que o alcalde así determine, mediante resolución ditada ao efecto

**36. Segundo o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os tenentes de alcalde son libremente designados e revogados polo alcalde:**

a) entre os membros da Xunta de Goberno local e, onde esta non exista, entre os concelleiros membros da Corporación

b) entre os membros da Xunta de Goberno local, podendo exceder o número de membros desta; ou entre os concelleiros nos municipios onde esta non exista, podendo exceder do terzo do número legal de membros da Corporación

c) ningunha das dúas opcións anteriores é correcta

**37. O abastecemento domiciliario de auga potable, segundo o artigo 26 da xa citada Lei 7/1985, é un servizo a prestar, en todo caso por:**

a) todos os municipios

b) os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes

c) os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes

**38. Segundo o artigo 26 da xa citada Lei 7/1985, o servizo de Protección Civil é un servizo a prestar, en todo caso, por:**

a) os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes

b) os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes

c) os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

**39. Segundo o artigo 26 da xa citada Lei 7/1985, a existencia de instalacións deportivas de uso público é un servizo a prestar, en todo caso, por:**

a) todos os municipios

b) os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes

c) os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes

**40. A Deputación Provincial ou entidade equivalente coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais en:**

- a) os municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes
- b) os municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes
- c) os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes

**41. De acordo co previsto no Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei Reguladora de Facendas Locais, respecto de cal dos seguintes impostos é facultativa a súa imposición e ordenación polos concellos?**

- a) Imposto sobre Bens Inmobilés
- b) Imposto sobre Actividades Económicas
- c) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

**42. De acordo co previsto no artigo 169 do antedito Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais cal é o prazo previsto de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento xeral?**

- a) dez días
- b) quince días
- c) un mes

**43. Segundo establece o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2025, de 30 outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP), o persoal que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa nomeado con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios, será:**

- a) persoal funcionario interino
- b) persoal eventual
- c) persoal laboral temporal

**44. Segundo o artigo 10 do TREBEP, os funcionarios interinos poderán ser nomeados cando se dea algunha das seguintes circunstancias (sinale a opción incorrecta) :**

- a)a existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos
- b)a substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario
- c)a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata seis meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto

**45. Segundo establece o artigo 11 do TREBEP, o persoal que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuidos polas Administracións Públicas é:**

- a)persoal eventual
- b)empregado público non funcionario
- c)persoal laboral

**46. Segundo establece o artigo 48 do TREBEP, por razóns de garda legal o funcionario terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda, cando teña o coidado directo de:**

- a)algún menor de doce anos
- b)persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuida
- c)todas as opcións anteriores son correctas

**47. Segundo establece o artigo 7 do TREBEP, o persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas réxese:**

- a) ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o disponan

b) preferentemente pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, e con carácter supletorio e en todo aquilo que proceda, polos preceptos deste Estatuto que así o disponan

c) ningunha das opcións anteriores é correcta

**48. Segundo establece o artigo 48 TREBEP, por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de:**

a)ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuido, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun ano

b)ata o 60% da xornada laboral, con carácter retribuido, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes

c)ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuido, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes

**49. Segundo establece o artigo 48 do TREBEP, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral, o funcionario público disporá dun permiso:**

a) non disporá de ningunha clase de permiso

b) disporá dun permiso por tempo indispensable

c) disporá dun permiso dun día

**50. Segundo establece o artigo 48 do TREBEP, por asuntos particulares o funcionario público disporá dun permiso de:**

a) 5 días ao ano

b) 6 días ao ano

c) 7 días ao ano

**51. Segundo estableceo artigo 48 do TREBEP, por matrimonio, o funcionario público disporá dun permiso de:**

- a) 7 días
- b) 14 días
- c) 15 días

**52. Segundo establece o artigo 86 do TREBEP, quen, conforme á normativa de función pública ditada en desenvolvemento do presente Estatuto, preste servizos na súa condición de funcionario público calquera que sexa a Administración ou organismo público ou entidade no que se atope destinado e non lle corresponda quedar noutra situación, atoparase en situación de:**

- a) excedencia
- b) servizo activo
- c) suspensión de funcións

**53. Segundo establece o artigo 87 do TREBEP, os funcionarios de carreira serán declarados en situación de servizos especiais:**

- a) cando sexan designados membros do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas
- b) cando sexan autorizados para realizar unha misión por período determinado superior a tres meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional
- c) as dúas opcións anteriores son correctas

**54. A Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, contempla e regula certas especialidades sobre o persoal ao servizo das entidades locais:**

- a) si
- b) si, pero só no referido ao persoal con relación de servizo iniciada tras a entrada en vigor da devandita Lei

c) non

**55. Segundo o artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, contempla, en relación co persoal eventual ao servizo das entidades locais:**

- a) nada
- b) que o seu número, as súas características e as súas retribucións serán determinados polo Pleno de cada entidade local ao comezo do seu mandato
- c) que o seu número, as súas características e as súas retribucións serán determinados polo Presidente da entidade local, cando cumpra ao seu nomeamento.

**56. Segundo o artigo 127 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a licenza dun funcionario por asuntos propios sen retribución non poderá exceder:**

- a) de 3 meses cada 3 anos
- b) de 2 meses cada 3 anos
- c) de 3 meses cada 2 anos de prestación de servizos efectivos

**57. Segundo o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, as Relacións de Postos do Traballo das entidades locais serán aprobadas inicialmente e sometidas a información pública por un prazo non inferior a:**

- a) vinte días
- b) quince días
- c) trinta días

**58. En canto á formación dos traballadores, o artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais establece:**

- a) o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva no momento da súa contratación, salvo que se trate dun contrato temporal
- b) deberá impartirse sempre dentro da xornada de traballo

c) poderase impartir pola empresa mediante medios propios ou concertánda con servizos alleos

**59. Segundo o artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, o empresario deberá analizar as posibles situacóns de emergencia e adoptar a medidas necesarias en materia de (sinale a opción incorrecta):**

- a) evacución dos traballadores
- b) primeiros auxilios
- c) risco sanitario

**60. Segundo o artigo 35 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo son:**

- a) os Delegados Sindicais
- b) os Delegados de Persoal
- c) os Delegados de Prevención

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**1. Segundo establece o artigo 126 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracóns Públicas, se desde a interposición do recurso extraordinario de revisión non se ditou e notificou a resolución:**

- a)no prazo dun mes, entenderase estimado
- b)no prazo de tres meses, entenderase desestimado
- c)no prazo de tres meses entenderase estimado

**2. Aos efectos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requerida para acreditar os mesmos:**

- a) indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato
- b) indicaranse no acto de adjudicación e especificaranse no expediente de contratación
- c) indicaranse no expediente de contratación e especificaranse no prego do contrato

**3. Segundo establece o artigo 36 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, responderán da obrigación de reintegro:**

- a) subsidiariamente os representantes legais do beneficiario cando este carecese de capacidade de obrar
- b) solidariamente os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas
- c) solidariamente os membros, partícipes ou cotitulares das entidades as que se refire o apartado 3 do artigo 8 de devandita Lei en proporción ás súas respectivas participacións, cando se trate de comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado

**4. A efectos do artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por discapacidade:**

- a) unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.
- b) unha situación médica de diminucións físicas ou psíquicas de calquera tipo que limiten ou impidan a participación plena e efectiva das persoas afectadas na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.
- c) ningunha das dúas opcións anteriores é correcta

**5. A Deputación Provincial garantirá a prestación dos servizos de secretaría e intervención en:**

- a) nos municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes
- b) nos municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes
- c) en ningún municipio

**6. Segundo o legalmente previsto respecto diso, a execución da oferta de emprego público deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de:**

- a) 1 ano
- b) 2 anos
- c) 3 anos

**7. Segundo o artigo 2 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, cal dos seguintes non constitúe un recurso para unha entidade local:**

- a) a participación nos tributos propios das provincias
- b) as subvencións
- c) o producto de sancións no ámbito das súas competencias

**8. Segundo establece a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, as comisións informativas que estudan, informan ou consultan os asuntos que se someten a decisión do Pleno:**

- a) existen en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno
- b) existen en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno
- c) existen en todos os municipios